# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2020

**Federación Galega de Dano Cerebral**

EU NON SON O MEU

DANO# CEREBRAL ADQUIRIDO

20 ANOS

de movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia

FEGADACE

FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

## SAÚDO DO PRESIDENTE



Prezadas amigas e amigos, como cada ano facemos a presentación das actividades e das contas da Federación Galega de Dano Cerebral.

Este ano é especial, diferente. As actividades teñen estado limitadas nunha enorme medida pola pandemia da COVID-19, afectando de xeito importante á realización dos proxectos previstos.

A pesar diso, debemos sentirnos satisfeitas e satisfeitos da resposta de todo o colectivo do dano cerebral en Galicia. As entidades e os seus equipos de profesionais foron quen de dar resposta en tempo e forma ás situacións cambiantes que se ían producindo, garantindo toda a intensidade de atención que era posible en función das medidas sanitarias.

Ademais de facer fronte aos retos da COVID-19, é fundamental salientar como fito de 2020 a aprobación do novo Plan Estratéxico, o primeiro cunha vixencia de catro anos.

Seguindo esas liñas imos traballar no futuro.

Unha aperta.

**Luciano Fernández Pintor**

FEGADACE
FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

adaceco | Adace Lugo | Alento asociación de dano cerebral | RENACER DCA OURENSE | sarela Asociación de Dano Cerebral de Compostela

## A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

**FEGADACE** é a entidade social que une, dinamiza e representa o movemento asociativo do dano cerebral en Galicia, cuxo obxectivo é desenvolver a acción social, institucional e técnica para **acadar a autonomía e a mellora da calidade de vida** das persoas con dano cerebral e das súas familias.

Fundouse en 2007 polas **cinco asociacións** de referencia: ADACECO, ADACE Lugo, Alento, Renacer e Sarela. En 2020 cumpríronse **20 anos de movemento asociativo do dano cerebral en Galicia**.

## EQUIPO

| XUNTA DIRECTIVA | EQUIPO TÉCNICO | ASOCIACIÓNS |
|---|---|---|
| PRESIDENCIA Luciano Fernández<br>VICEPRESIDENCIA Luisa Ramírez<br>SECRETARÍA Laura Abeledo<br>TESOURARÍA Fidel Castro<br>VOGALÍA Berta Ferreiro | DIRECCIÓN Begoña Hermida<br>COMUNICACIÓN Irene Cancelas<br>PROXECTOS E ADMON. Adolfo M. González<br>TRABALLO SOCIAL Enrique Calvo \| Carla Miranda<br>ADMINISTRATIVA Natalia Regueiro | COMITÉ DE DIRECCIÓNS DAS ASOCIACIÓNS FEDERADAS<br>Natalia de Llano (ADACECO)<br>Iria Abel (ADACE Lugo)<br>Gonzalo Mira (Alento)<br>Noelia Luque (Renacer)<br>Rocío García (Sarela) |

## A FEDERACIÓN EN CIFRAS

| | PERSOAS SOCIAS | P. SOCIAS CON DCA | VOLUNTA–RIADO | PROFESIO–NAIS |
|---|---|---|---|---|
| ADACECO | 459 | 265 | 3 | 18 |
| ADACE Lugo | 236 | 124 | 2 | 9 |
| Alento | 268 | 201 | 21 | 55 |
| Renacer | 245 | 83 | 6 | 9 |
| Sarela | 719 | 534 | 16 | 32 |
| FEGADACE | | | | 6 |
| TOTAL | **2.017** | **1.207** | **48** | **123** |

## ATENCIÓN TERAPÉUTICA ESPECIALIZADA

*O obxectivo principal é contribuír á máxima recuperación funcional e autonomía persoal intentando recuperar na medida do posible os déficits instalados na persoa tralo dano cerebral, para que mellore directamente a calidade de vida das persoas con dano cerebral e, indirectamente, a das súas familias.*

**2.775** PERSOAS ATENDIDAS ACTIVIDADES INDIVIDUAIS

1.293 mulleres
1.482 homes

**2.300** INTERVENCIÓNS GRUPAIS

### OBXECTIVOS

OE1. Minimizar as secuelas físicas das persoas con dano cerebral, recuperando o máximo posible da súa autonomía persoal, a través dos servizos de fisioterapia.
OE2. Mellorar a comunicación e secuelas relacionadas coa deglución, linguaxe e comunicación nas persoas con dano cerebral, prestando atención de logopedia.
OE3. Recuperar a independencia das persoas con dano cerebral na realización de Actividades Básicas da Vida Diaria, mediante os servizos de terapia ocupacional.

### PROFESIONAIS

Logopedia | Psicoloxía/neuropsicoloxía | Terapia ocupacional | Fisioterapia | Traballo social | Educación social | Téc. de coidados | Aux. enfermería

### LUGARES

ADACECO | ADACE Lugo | Alento | Renacer | Sarela

### DATAS

Xaneiro - decembro

### FINANCIA

Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF
Convenio coa Consellería de Política Social

## ACTIVIDADES

Traballo a nivel muscular e perceptivo
Traballo a nivel sensorial e sensitivo
Mellora dos hábitos de hixiene postural
Mellora de coordinación e equilibrio / psicomotricidade
Adestramento en Actividades da Vida Diaria Básicas e Instrumentais
Asesoramento en produtos de apoio
Desenvolvemento e posta en marcha dun plan domiciliario e pautas á familia
Terapia acuática
Terapias Intensivas en Neurorehabilitación
Ioga | Pilates
Lectoescritura | Manexo da afasia | Expresión | Terapias xestuais
Atención de consultas e atención domiciliaria



## INCLUSIÓN SOCIAL

*Desenvolvemento de capacidades a través de actividades de lecer e promoción da inclusión social mediante a participación en actividades comunitarias. Foi un ámbito moi afectado polas restricións derivadas das medidas para o control da COVID19, debido a que a maioría implican a realización grupal e con interaccións persoais.*

**435** **PERSOAS ATENDIDAS ACTIVIDADES INDIVIDUAIS**

224 mulleres
211 homes

Coa entrada en vigor do Estado de Alarma por causa da pandemia por COVID19, as actividades reorientáronse á constitución de grupos sociocomunitarios mediante novas tecnoloxías para que as persoas usuarias puidesen aprender a utilizar aplicacións e elementos informáticos que lles permitiron paliar as dificultades de comunicación e interacción social derivadas do distanciamento social, así como poder realizar todo tipo de actividades socializadoras a través das TICs.

**OBXECTIVOS**

OE1. Mellorar as habilidades sociais e de desenvolvemento comunitario das persoas con dano cerebral, impactando directamente na súa calidade de vida.
OE2. Potenciar relacións persoais e sociais saudábeis e positivas nas persoas con dano cerebral, mellorando a súa autoestima e calidade de vida.

**PROFESIONAIS**

Educación social | Integración social | Téc. de coidados | Téc. de deportes | Aux. enfermería | Téc. animación sociocultural | Animadoras/es e monitoras/es de tempo libre

**LUGARES**

ADACECO | ADACE Lugo | Alento | Renacer | Sarela

**DATAS**

Xaneiro - decembro

**FINANCIA**

Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF
Convenio coa Consellería de Política Social

| ACTIVIDADES | |
|---|---|
| Actividades de inclusión social:<br>• Manualidades<br>• Orientación<br>• Carpintaría<br>• Informática<br>• Barro<br>• Xardinería/Horticultura<br>• Feiras de Saúde | Actividades de lecer inclusivo:<br>• Realización de torneos deportivos (petanca, boccia, cachibol...) e andainas<br>• Asistencia a eventos deportivos<br>• Lecer gastronómico<br>• Culturais (teatro, cine, museos visitas guiadas/virtuais por cidades, museos...)<br>• Obradoiros de teatro, risoterapia, musicoterapia, literatura<br>• Actividades solidarias |





# SERVIZOS PARA AS PERSOAS E FAMILIAS CON DANO CEREBRAL

## INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E APOIO ÁS FAMILIAS

*Preténdese mellorar a continuidade asistencial da atención sociosanitaria trala alta hospitalaria a través de accións formativas e informativas, para facilitar pautas de intervención útiles, recibir información personalizada e profesional, e así empoderar ás familias e contorno social da persoa con dano cerebral.*

**1.706** **PERSOAS ATENDIDAS ACTIVIDADES INDIVIDUAIS**

808 mulleres
898 homes

**604** **INTERVENCIÓNS GRUPAIS**

| OBXECTIVOS |
|---|
| OE1. Empoderar ás familias e persoas coidadoras para o proceso de atención aos seus familiares, a través do apoio e atención psicolóxica e de traballo social.<br>OE2. Proporcionar ás persoas con dano cerebral e ás súas familias os recursos informativos necesarios para unha óptima integración social, mediante o asesoramento.<br>OE3. Incrementar o coñecemento social do dano cerebral, as súas principais causas, factores de risco, medidas de prevención, sinais de alarma e recursos de atención, mediante a realización de actividades informativas coas familias e principais grupos de risco poboacional. |
| **PROFESIONAIS** |
| Traballo social \| Psicoloxía/neuropsicoloxía |
| **LUGARES** |
| ADACECO \| ADACE Lugo \| Alento \| Renacer \| Sarela \| FEGADACE |
| **DATAS** |
| Xaneiro - decembro |
| **FINANCIA** |
| Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF<br>Convenio coa Consellería de Política Social |

| ACTIVIDADES | |
|---|---|
| • Información e orientación xeral<br>• Información sobre as secuelas do dano cerebral e o seu manexo / Escolas DCA<br>• Terapia familiar<br>• Atención psicolóxica<br>• Grupo de familias<br>• Visitas domiciliarias<br>• Terapia familiar<br>• Puntos de información nos espazos asociativos dos hospitais (Santiago, Ourense) e centros de saúde (A Estrada, Arzúa, Ribeira) da rede sanitaria pública.<br>• Espazos semanas en radios locais (Radio Estrada, Radio Arzúa) protagonizados por profesionais dos servizos de información das asociación.<br>• Charlas en centros sociais, concellos e outros lugares públicos, en colaboración coas administracións municipais, durante os tres primeiros meses do ano. | Actividades grupais:<br>• Obradoiro informativo sobre Memoria Leve<br>• Obradoiro informativo sobre Estimulación cognitiva<br>• Obradoiro de dereitos<br>• Obradoiro de familias<br><br>A maiores dos servizos recibidos polas persoas usuarias e as súas familias, son atendidas outras consultas sobre servizos, dependencia, prestacións, certificado de discapacidade, asesoría xurídica e outras.<br><br>Estas actividades dirixen un especial foco ás mulleres como principais coidadoras, e tamén ás persoas de máis de 60 anos. |



## MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE

→ Servizo de **transporte adaptado** para garantir a autonomía das persoas con dano cerebral con respecto ás súas familias para acudir aos centros de atención especializada; con especial atención ás persoas en situación de emerxencia social.

→ Posta en marcha do servizo de transporte adaptado na provincia de Lugo, coa **adquisición dun vehículo** por parte de ADACE Lugo.

| | |
|---|---|
| PROFESIONAIS | Condutoras/es \| Aux. apoio no transporte |
| LUGARES | ADACECO \| ADACE Lugo \| Alento \| Renacer \| Sarela |
| DATAS | Xaneiro - decembro |
| FINANCIA | Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF |

**75**

PERSOAS ATENDIDAS

## RESPIRO FAMILIAR

Actividades de respiro dirixidas:

→ por unha banda, a garantir o descanso, goce do lecer e axuda mutua das **persoas coidadoras** e

→ por outra banda, a facilitar oportunidades de lecer ás **persoas con dano cerebral** cuxas secuelas non lles permiten facelo de forma autónoma.

Estas actividades víronse moi afectadas polas restricións sanitarias; só se puido levar a cabo unha parte moi reducida a partir de novembro.

| | |
|---|---|
| LUGARES | ADACECO \| Sarela |
| DATAS | Novembro - decembro |
| ACTIVIDADES | Cine \| Balneario \| Servizo de Axuda no Fogar |
| FINANCIA | Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF |

**17**

PERSOAS ATENDIDAS

## EQUIPAMENTOS ESPECIALIZADOS / COVID 19

→ Mellora estrutural dos recursos de atención ao dano cerebral a través da adquisición de **equipamentos técnicos e terapéuticos**.

→ Adquisición de materiais de protección e adaptación dos espazos de traballo segundo o **Plan de Continxencia Marco fronte á COVID-19** dos centros de atención ao dano cerebral en Galicia.

| | |
|---|---|
| **LUGAR** | ADACECO \| ADACE Lugo \| Alento \| Renacer \| Sarela \| FEGADACE |
| **DATA** | Xaneiro - decembro |
| **FINANCIA** | Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF<br>Convenio coa Consellería de Política Social |

**120**

**PROFESIONAIS DAS ASOCIACIÓNS**

**4.927**

**PERSOAS USUARIAS BENEFICIARIAS**

## COMUNÍCATE COMIGO

Proxecto destinado a reforzar o dereito ao acceso á información accesible grazas á implantación de diferentes tipos de adaptacións para a mellora da comunicación das persoas con afasia e con ataxia.

→ Adaptación da páxina web de FEGADACE a **Lectura Fácil**.

→ Adquisición de dispositivos SAAC (**Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación**) e incorporación aos programas de logopedia das asociacións.

| | |
|---|---|
| **LUGAR** | ADACECO \| ADACE Lugo \| Alento \| Renacer \| Sarela \| FEGADACE |
| **DATA** | 14/09/2020 – continúa en 2021 |
| **FINANCIA** | Fundación La Caixa |

**125**

**PERSOAS USUARIAS**

## INVESTIGACIÓN

### O COIDADO INFORMAL NO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

**O coidado informal no dano cerebral adquirido: impacto na saúde e calidade de vida das persoas coidadoras. Análise en clave de igualdade de xénero.**

Estudo destinado a coñecer:

→ Os perfís sociodemográficos da persoa coidadora e da persoa coidada.

→ Os efectos da actividade de coidar na saúde e na calidade de vida da persoa coidadora.

→ As diferenzas do efecto do coidado informal segundo o sexo da persoa coidadora.

| | |
|---|---|
| **FINANCIA** | Fundación Barrié e Fundación Roviralta<br>Convenio coa Consellería de Política Social |
| **DATA** | 01/02/2020 – continúa en 2021 |
| **LUGAR** | Santiago de Compostela |

**283** — 221 mulleres, 61 homes

**PARTICIPANTES NO ESTUDO**

## PREVENCIÓN

### FOLLETO 'O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO'




| | |
|---|---|
| **FINANCIA** | Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF |
| **PROGRA-MA** | Dano cerebral adquirido: Promove, entende, actúa |
| **DATA** | 2020 |
| **LUGAR** | Santiago de Compostela |

→ Edición dun folleto que recolle as principais **causas e consecuencias do dano cerebral adquirido**, así como as referencias das asociacións para facilitar o acceso a servizos.

→ Centrado en prevención, e, á súa vez, no ictus, adecúa a identificación dos síntomas de alarma á campaña do Plan Ictus do Sergas, que os resume nos **3F: Fala, Forza, Faciana**.

## DÍA DO DANO CEREBRAL

→ Difusión dos programas de actividades das asociacións.

→ Participación na campaña organizada en torno a FEDACE **'Nun contexto difícil, seguimos construíndo dignidade'**: manifesto, vídeo, fotografías co aceno do Día do Dano Cerebral

→ Publicación do vídeo de entrega do 8º Premio FEGADACE - Miguel Blanco.

→ Divulgación de información sobre a falta de continuidade asistencial no Día do Ictus.

→ Alumeado de edificios públicos.




## 8º PREMIO FEGADACE - MIGUEL BLANCO: FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE

A **Fundación María José Jove** comparte co movemento asociativo do dano cerebral un obxectivo chave: a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade. O seu labor é especialmente salientable nos ámbitos do **lecer sen barreiras**, da **inclusión social a través do deporte**, e da **sensibilización sobre a situación das persoas con discapacidade**, cunha ollada sempre atenta ao colectivo do dano cerebral adquirido.



Acto de entrega virtual; na imaxe, a presidenta da Fundación, Felipa Jove, agradece o galardón. [Vídeo dispoñible na web de FEGADACE].

# SENSIBILIZACIÓN

## PUNTO E SEGUIDO. A VIDA CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

→ Programación suspendida por causa da situación sanitaria.
→ Realizados novos contactos con concellos, que se interesan na mostra para as súas programacións de 2021.
→ Elaborados novos paneis nun soporte máis lixeiro e manexable.




| | |
|---|---|
| **FINANCIA** | Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF |
| **PROGRAMA** | Dano cerebral adquirido: Promove, entende, actúa |
| **OURENSE** | CHUO 01/12/2019 a 15/01/2020 |
| **A CORUÑA** | Centro Cívico Castrillón 27/01/2020 a 14/02/2020 |
| **PONTEVEDRA** | Espazo Expositivo Xunta 05/03/2020 a 14/03/2020 |
| **MONTERROSO** | Cárcere 14/09/2020 a 26/10/2020 |
| **ONLINE** | [PeopleArtFactory] |

## X SOLIDARIA

→ Campaña trasladada a un ámbito 100% virtual por causa da pandemia.
→ 1 reunión de coordinación




## DÍA DA DISCAPACIDADE

→ Campaña **Baixo o mesmo paraugas**
→ Actos do CERMI Galicia



## 20 ANIVERSARIO DO MOVEMENTO ASOCIATIVO

*As actividades para conmemorar as dúas décadas do nacemento de ADACECO, Alento e Sarela víronse reducidas por causa da pandemia. Estas son as que se mantiveron.*

### Eu non son o meu dano cerebral




| | |
|---|---|
| **FINANCIA** | Deputación da Coruña |
| **PROGRAMA** | Historias cheas de vida. Vidas cheas de historia |

**Vídeo.** Sucesión de testemuños de persoas con dano cerebral contando os seus soños, medos e experiencias, evidenciando que son como os de calquera outra persoa, porque son persoas, non o seu dano cerebral.

***Libro Eu non son o meu dano cerebral. 20 anos de movemento asociativo do dano cerebral adquirido en Galicia.*** Colección de fotos, fitos e testemuños que dan conta do nacemento e evolución das asociacións e centros de atención.

**Estrea en 2021**




### Debate electoral




| | |
|---|---|
| **FINANCIA** | Convenio coa Consellería de Política Social |

Debate guionizado no que as persoas candidatas das catro principais forzas concorrentes ás **Eleccións ao Parlamento de Galicia 2020** presentaron as súas propostas para o dano cerebral, a discapacidade e a dependencia respondendo a tres cuestións formuladas por outras tantas persoas con dano cerebral.

Publicouse **un vídeo por pregunta**, xunto cun resumo que sintetizou os contidos globais, en substitución do **inicial proxecto de realizar un debate ao vivo**.

Reunión Presentación Demandas do DCA Eleccións ao parlamento autonómico (M+J Galicia).

# DIVULGACIÓN DE COÑECEMENTO

## XORNADAS SOBRE O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

**276** ASISTENTES

| | |
|---|---|
| COLABORA | SOGARMEF<br>SGN |
| DATAS | 21 e 28 de outubro e 4 de novembro |
| LUGAR | Online |
| FINANCIA | Convenio coa Consellería de Política Social<br>Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF |
| PROGRAMA | Dano cerebral adquirido: Promove, entende, actúa |

Conclusións e vídeos completos publicados na páxina web de FEGADACE.




## SIMPOSIO SOBRE SAÚDE ORAL E DANO CEREBRAL

**136** ASISTENTES

| | |
|---|---|
| COLABORA | Unidade de Odontoloxía para Persoas con Necesidades Especiais |
| DATAS | 23 e 25 de novembro |
| LUGAR | Online |
| FINANCIA | Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF |
| PROGRAMA | Dano cerebral adquirido: Promove, entende, actúa |

→ Prevención, diagnóstico e tratamento da saúde oral no dano cerebral
→ Nutrición e disfaxia

Vídeos completos publicados na páxina web de FEGADACE.



*FEGADACE desenvolveu diversas accións coa Unidade de Odontoloxía para Persoas con Necesidades Especiais para capacitar aos colectivos profesionais que traballan en saúde oral e dano cerebral dentro do programa Dano cerebral adquirido: Promove, entende, actúa.*

### Vídeos Saúde Oral

Un spot de 10 minutos e catro vídeos complementarios sobre tratamento odontolóxico, alteracións orais, coidados específicos e periodontite.




### Folleto para odontólogas/os

Entregado aos colexios profesionais de Odontoloxía e de Hixienistas Dentais.




## INFORMACIÓN

### ENCONTROS CON SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

| | |
|---|---|
| **DATAS** | Novembro - decembro |
| **LUGAR** | Pontedeume \| As Pontes \| Sober \| O Grove \| Soutomaior \| Bueu \| Sarria \| Salvaterra \| A Cañiza \| Salceda de Caselas \| Vilalba \| O Saviñao \| Guitiriz \| Camariñas \| Verín \| Cospeito \| Chantada |
| **FINANCIA** | Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF |
| **PROGRAMA** | Dano cerebral adquirido: Promove, entende, actúa |

**17 REUNIÓNS**

**35 PERSOAS PARTICIPANTES**

Outros 8 municipios optaron por aprazar as súas reunións, pero foron igualmente informados e recibiron lotes de produtos de sensibilización de FEGADACE: Xinzo de Limia, Betanzos, O Carballiño, Ribadavia, Mugardos, A Capela, Mos e Ribadeo.

## HIXIENE ORAL E DANO CEREBRAL: TITORIAIS | FOLLETO | WEB

| | |
|---|---|
| **FINANCIA** | Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF |
| **PROGRA-MA** | Dano cerebral adquirido: Promove, entende, actúa |

**TITORIAIS** (substitúen os obradoiros suspendidos por causa da COVID-19)

→ a persoa independente

→ a persoa con dependencia moderada

→ a persoa con dependencia severa

**WEB ODONTOLOXÍA ACCESIBLE**

→ Materiais para o coidado da hixiene oral da persoa con dano cerebral

→ **www.odontoloxia-accesible.org**

**FOLLETO**

→ Información para persoas coidadoras e persoas con dano cerebral










## GUÍA PARA FAMILIAS

| | |
|---|---|
| **FINANCIA** | Subvención con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF |

→ Tradución e **edición da guía** *Cousas que debes saber sobre o dano cerebral adquirido cando o teu familiar está no hospital* **en castelán**.

→ Gravación de **12 vídeos** baseados na guía para familiares creados para substituír online a formación prevista para ser presencial. **Estrea en 2021**.

**PROGRAMA** Dano cerebral adquirido: Promove, entende, actúa.






# COMUNICACIÓN

## MEDIOS DE COMUNICACIÓN

| | | | |
|---|---|---|---|
| NOTAS DE PRENSA | 7 | ENVÍOS A BOLETÍNS FEDACE E EAPN G. | 29 |
| CONTACTOS INDIVIDUAIS | 9 | IMPACTOS | 123 |

### XORNADAS SOBRE O DANO CEREBRAL

7 impactos

**Octubre**

OCT 19 2020

**El Ceadac participa en las jornadas sobre «El daño cerebral y el modelo de atención sociosanitaria. Situación actual y retos inmediatos»**

Los días 21, 28 de octubre y el 4 de noviembre de 2020, la Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) organiza unas jornadas sobre El daño cerebral y el modelo de atención sociosanitaria. Situación actual y retos inmediatos en modo *online*; la inscripción a las jornadas es gratuita.

En la sesión del 4 de noviembre intervendrán Dª Inmaculada Gómez Pastor, directora del Centro de Referencia Estatal de Atención al Daño Cerebral (Ceadac) del Imserso en Madrid -que presentará el modelo de atención sociosanitaria de Daño Cerebral Adquirido desde un centro de Referencia Estatal-, y de D. Francisco Javier Nieto Pol, director del Centro de Promoción de la Autonomía Personal (CPAP) del Imserso en Bergondo (A Coruña), que abordará la promoción de la autonomía personal desde un centro público en Galicia.

### DÍA DO DANO CEREBRAL

7 impactos

**"A comparación con quen era antes é unha trampa": a difícil inserción laboral das persoas con dano cerebral adquirido**

Ana G. Liste @BelaMistura

luns 26, outubro 2020



Persoal das asociacións de dano cerebral coa man sobre a cabeza, o aceno polo Día do Dano Cerebral CC-BY FEGADACE

**ODS 3. "En FEGADACE garantizamos la sostenibilidad, la igualdad y la equidad, y ofrecemos a las empresas canalizar sus programas de RSC a través de nuestra Federación"**

*Entrevista a Irene Cancelas, responsable de comunicación de FEGADACE (Federación Galega de Dano Cerebral)*

09-06-2020 | Macarena Montes(@Macamontes1974)



### PREMIO

9 impactos

**Premio Fegadace-Miguel Blanco para a Fundación Jove polo seu traballo en inclusión de persoas con dano cerebral**

A Fundación María José Jove comparte co movemento asociativo do dano cerebral unha "obxectivo clave", a "mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade".

Por E.P. | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 19/10/2020 | Actualizada ás 16:44

A Federación Galega de Dano Cerebral concedeu o 8º Premio Fegadace-Miguel Branco á Fundación María José Jove, co obxectivo de recoñecer o seu labor en favor da inclusión das persoas con dano cerebral adquirido, **especialmente a través da organización de actividades de lecer sen barreiras e de sensibilización sobre a discapacidade.**

**FEGADACE solicita á Xunta "a reactivación dos centros de día e ocupacionais para persoas con discapacidade"**

03/06/2020 Redacción Galicia Deja un comentario



**Constatada a situación de "emerxencia terapéutica e social" nos fogares con persoas con dano cerebral**

A Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE), xunto coas súas cinco asociacións membro (ADACECO, ADACE Lugo, Alento, Renacer e Sarela) remitiu onte un escrito á Consellería de Política Social no que lle solicita á Xunta de Galicia que "reconsidere e rectifique" a medida anunciada o pasado venres 29 de maio pola que se retrasa a activación dos centros de día e ocupacionais para persoas con discapacidade ata o 1 de setembro de 2020.

O movemento asociativo do dano cerebral expresa esta necesidade perante a situación de "emerxencia terapéutica e

**FEGADACE e a Unidade para Pacientes con Necesidades Especiais da Facultade de Odontoloxía da USC organizan o Simposio 'Saúde Oral e Dano Cerebral Adquirido'**

09/11/2020 Redacción Galicia Deja un comentario




*Retransmitirase en streaming nas tardes do 23 e do 25 de novembro. Falarase de prevención, diagnóstico e tratamento, cunha sesión centrada na disfaxia*

A Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) e a **Unidade para Pacientes con Necesidades Especiais (UPNE)** da Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) iniciaron o ano pasado, trala concesión a esta última do **7º Premio FEGADACE – Miguel Blanco**, unha frutífera colaboración que achega este mes de novembro un novo resultado.

Ambas entidades organizan o Simposio ***'Saúde Oral e Dano Cerebral Adquirido'*** os días 23 e 25 de novembro. Pese á previsión inicial de organizar un encontro presencial, a situación sanitaria fixo reformulalo e organizalo nun soporte online, que ocupará as tardes, de 16:30 a 18:30, das devanditas xornadas. A inscrición está aberta e formalízase nesta ligazón: Simposio Saúde Oral e Dano Cerebral.

**A exposición 'Punto e seguido' poderá visitarse na Coruña ata o 14 de febreiro**

27/01/2020 21 Noticias Deja un comentario



**A exposición 'Punto e seguido. A vida despois do dano cerebral adquirido' regresa á cidade da Coruña. Trátase dunha mostra coa que a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) e as súas asociacións achegan, a través da fotografía, o día a día das persoas con esta discapacidade. Esta colección de imaxes poderá visitarse desde o 27 de xaneiro ata o 14 de febreiro na Sala de Exposicións do Centro Cívico Castrillón (Praza Pablo Iglesias, 1), de luns a domingo no horario de apertura habitual do centro.**

**Proxecto 'Punto e seguido'**

As fotografías que compoñen a mostra, obra do fotógrafo compostelán Aigi Boga, realizáronse nas cinco asociacións que

# COMUNICACIÓN

## REDES SOCIAIS

| | | | |
|---|---|---|---|
| **WEB** | Noticias | **126** | |
| | Visitas | **15.537** | |
| **BOLETÍN** | Envíos | **23** | Do nº97 ao nº 119 |
| | Subscricións | **524** | |
| **FACEBOOK** | Gústame | **4.828** | Refundidas as dúas contas en Fegadace Galicia; moitas persoas seguían ambos perfís, de aí a baixada de 'gústames' |
| | Clics e compartidas | **10.890** | |
| | Alcance total | **183.472** | |
| **TWITTER** | Chíos | **635** | Van un total de 12.271 |
| | Seguidoras/es | **84** | 2.475 en total ao final do ano |
| | Impresións | **205.207** | |
| | Mencións | **502** | |
| | Rechíos | **617** | |
| | Gústame | **1.283** | |
| **YOUTUBE** | Vídeos novos | **18** | Hai un total de 61 vídeos publicados. |
| | Visualizacións | **1.992** | |
| | Min. visualizados | **4.164** | |
| | Duración media | **1:31** | |
| **LINKEDIN** | Impresións | **5.215** | |
| | Seguidoras/es | **78** | 357 en total ao final do ano |









## MOVEMENTO ASOCIATIVO

→ Asemblea Xeral Ordinaria [1]
→ Asemblea Xeral Extraordinaria [1]
→ Xunta Directiva [8]

→ Inauguración do centro de día de ADACECO
→ Visitas a ADACECO, ADACE Lugo, Alento, Renacer e Sarela

→ Direccións [19]
→ Equipo técnico [19]
→ Grupo de traballo sanitario [1]
→ Grupo de traballo guía de familias [1]
→ Grupo de comunicación [1]

Novas ferramentas de traballo:
→ Manual de Acollida de Persoal
→ Protocolo de selección de persoal con perspectiva de xénero

## PLAN ESTRATÉXICO 2020-2023

| | |
|---|---|
| **FINANCIA** | Convenio Consellería de Pol. Social / Fondos propios |

→ Metodoloxía mixta: accións virtuais e presenciais ao longo de todo o ano
→ 2 Mesas de traballo (15 persoas)
→ 5 reunións coa consultora Retnova



## COOPERACIÓN PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO

| | |
|---|---|
| **FINANCIA** | Consellería de Economía e Emprego |
| **DATA** | Dec. 2019 - Dec. 2020 |
| **CONTIDO** | Traballo social |

→ Contratación dun traballador social

| | |
|---|---|
| **FINANCIA** | Consellería de Economía e Emprego |
| **DATA** | Dec. 2020 - Dec. 2021 |
| **CONTIDO** | Traballo social e administración |

→ Contratación dunha traballadora social e dunha administrativa

# INCIDENCIA E TRABALLO EN REDE

## FEDACE

- → Grupo de comunicación 11
- → Comisión crecemento e alianzas 1
- → Comisión seguimento COVID19 7
- → Taller FEDACE 'Atención Psicosocial menores con DCA y sus familias'
- → Presentación Tools4Brain: 'Propuestas para Cuidadores Formales e Informales de Personas con DCA'
- → Desayuno Informativo: La Situación de las Mujeres con DCA en España
- → Encuentros por el Daño Cerebral 2020: 'Atención en Fase Subaguda'
- → Desayuno Informativo: 'Situación Laboral de las Personas con DCA en España'
- → Acto 25 Aniversario FEDACE
- → Desayuno Informativo: 'Desigualdades Territoriales Atención a DCA' - Lectura Manifesto Día do Dano Cerebral

## CERMI GALICIA

- → Asemblea Xeral Ordinaria
- → Asemblea Xeral Extraordinaria 2
- → Comité Executivo 4
- → Grupo de traballo convocatorias e axudas 2
- → Comisión da Muller 1
- → Comisión de Sanidade 1
- → Xornada Muller, Discapacidade, Violencia
- → Conferencia CERMI Territorios 2020

## EAPN GALICIA

- → Asemblea Xeral Ordinaria
- → Grupo de comunicación 6
- → Xornada Loita contra a Aporofobia
- → Seminario Comunicar en contextos de crise social e económica. Innovación Narrativa
- → Seminario Fenda Dixital: o exercicio de dereitos en tempos de confinamento
- → X Solidaria 1

## GEACCOUNTING

- → Asemblea Xeral Ordinaria
- → Xunta Permanente GEACCOUNTING
- → Reunión 'Territoriales Geaccounting'

## ESTUDO MODELOS DE ATENCIÓN

- → INICO 2
- → INICO e SGN 1
- → INICO e Sergas 1

## SOGARMEF

- → SOGARMEF 1
- → Sinatura convenio Colaboración SO-GARMEF-FEGADACE

## OUTROS AXENTES

- → UPNE 5
- → FEVADACE
- → SocialCo 1
- → Federacións do CERMI 1
- → Presentación da Convocatoria de Proxectos Obra Social La Caixa
- → CaixaBank Compostela (Doazón)
- → Servizos sociais Monforte de Lemos

## XUNTA DE GALICIA

- → Presidencia da Xunta de Galicia
- → Consellería de Política Social
- → DX Discapacidade 4
- → Secretaría Xeral Técnica Política Social 3
- → Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e Innovación do Sergas
- → Secretaría Xeral de Emprego 2
- → Sub. Humanización do Hospital Ferrol 2
- → Distrito sanitario Monforte de Lemos 1
- → Consello Asesor de Pacientes 3
- → Comité Asesor Sociosanitario
- → GT Plan Soidade non desexada
- → GT Accesibilidade Camiño de Santiago
- → GT Programas de Cooperación
- → Formación 'Protocolos COVID19 Centros Discapacidade'

## FORMACIÓN

- → Presentación Informe IncluCom2019
- → Construyendo Valores en era PostCovid19: Atender necesidades de salud en personas en entornos residenciales
- → Gestión Organizativa, Prevención y Salud para la vuelta al trabajo después del COVID
- → Gestión del Cambio en Situaciones Complejas
- → Intelixencia Artificial e Inclusión Social
- → Efectos y consecuencias de la crisis de la COVID-19 en las personas con discapacidad
- → Presentación informe 'El paisaje del abandono: la pobreza severa en España'
- → Axudas e Subvencións para entidades economía social (IGAPE)
- → IV Congreso de Organizaciones de Pacientes: 'Claves para Un Nuevo Modelo Sanitario y de Atención a la Cronicidad'
- → Compasss: Captación de Fondos Privados para la financiación de proyectos en el ámbito de la discapacidad
- → Soledad no deseada de las personas mayores con discapacidad durante la pandemia
- → A importancia da Dixitalización no Terceiro Sector
- → Importancia y claves de la transformación digital en el Tercer Sector Social
- → E se lle contratamos os servizos da nosa entidade á economía social? (REAS Galicia)
- → Tutela en Daño Cerebral / Primer Acercamiento a las Figuras de Protección
- → Manual Elaboración Planes de Cumplimiento Normativo
- → Sinergias para la Sostenibilidad del sector discapacidad
- → Soledad No deseada y Discapacidad. La Soledad forzosa de la mujer con Discapacidad

## CONVENIO NOMINATIVO

→ Programas de atención ambulatoria, rehabilitación funcional e inclusión social de persoas con dano cerebral

→ Coordinación e cohesión do movemento asociativo do dano cerebral en Galicia

Organismo: Consellería de Política Social (Xunta de Galicia)

Período: xan - dec 2020

Importe: 389.698,00 €

## SUBVENCIÓN CON CARGO Á ASIGNACIÓN TRIBUTARIA DO 0,7% DO IRPF

→ Autonomía e Atención Terapéutica

→ Información e Apoio

→ Respiro Familiar

→ Investimento en vehículos

→ Dano cerebral adquirido: Promove, entende, actúa

→ Autonomía e Inclusión Social

→ Mobilidade e accesibilidade

→ Investimento en equipamento

Organismo: Consellería de Política Social (Xunta de Galicia)

Período: xan - dec 2020

Importe: 352.874,57 €

## COOPERACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

→ Reforzo da capacidade técnica de FEGADACE mediante a contratación de profesionais especializados en Traballo Social

Organismo: Consellería de Economía e Emprego

Período: dec 2019 - dec 2020

Importe: 9.536,15 €

## FOCVAA 2020

→ Historias cheas de vida. Vidas cheas de historias

Organismo: Deputación da Coruña

Período: feb - dec 2020

Importe: 9.750,93 €

FUNDACION Banco Santander

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Deputación DA CORUÑA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

FUNDACION mariafranciscade ROVIRALTA

Fundación Barrié

Fundación "la Caixa"

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE SANIDAD, CONSUMO Y BIENESTAR SOCIAL

## PROGRAMAS SOCIOSANITARIOS

→ ¡Comunícate conmigo!
Organismo: Fundación La Caixa
Período: set 2020 - ago 2021
Importe total: 14.213,60 €

## DOAZÓN

Organismo: Caixabank Compostela
Período: 2020
Importe: 6.000,00 €

## OUTRAS DOAZÓNS

Período: 2020
Importe: 225,59 €

## MÁS SOCIAL

→ O coidado informal no dano cerebral adquirido: impacto na saúde e calidade de vida das persoas coidadoras.
Organismo: Fundación Barrié e Fundación Roviralta
Período: feb 2020– xan 2021

## DIXITALIZACIÓN

→ Dixitalización entidades sociais
Organismo: Fundación Banco Santander
Período: xan 2020 - dec 2020
Importe total: 5.000,00 €

## DOAZÓNS DE MATERIAIS DE PROTECCIÓN FRONTE A COVID-19

Servizo Galego de Saúde
7.200 batas protectoras
100 botellas (500 ml) de desinfectante antiséptico para mans
100 garrafas (5l) de desinfectante para mans
31 garrafas (5l) de desinfectante para chan
22 garrafas (5l) de xel desinfectante para superficies
200 gafas de protección ocular
25.010 máscaras cirúrxicas
300 máscaras FFP

Clonegal (Xunta de Galicia)
Doazóns directas ás asociacións

CERMI Estatal/Ministerio de Sanidade
15.000 máscaras cirúrxicas

CERMI Galicia
3.000 máscaras FFP2

Arlit Diseño  Impresión
200 pantallas de protección facial

Urbaser
200 pantallas de protección facial

Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME)
130 dispositivos LU_Touch

Grupo Gadisa
100 máscaras reutilizables

## GASTOS

| | | |
|---|---|---|
| Transferencias ás asociacións para a atención directa a persoas e familias | 611.561,84 € | 77,08% |
| Custes de persoal federación | 106.695,43 € | 13,45% |
| Gastos de estrutura e funcionamento da federación | 18.925,33 € | 2,39% |
| Servizos e actividades executadas pola federación | 56.199,10 € | 7,08% |
| **TOTAL** | **793.381,70 €** | **100,00 %** |

## INGRESOS

| | | |
|---|---|---|
| Xunta de Galicia \| Consellería de Política Social (Convenio Nominativo) | 389.698,00 € | 48,15% |
| Xunta de Galicia \| Consellería de Política Social (Programas IRPF) | 352.874,57 € | 43,60% |
| Xunta de Galicia \| Consellería de Emprego (Programas de Cooperación) | 9.536,15 € | 1,18% |
| Deputación da Coruña (FOCVAA)* | 9.750,93 € | 0,90% |
| Fundación Barrié-Roviralta (Más Social) | 7.300,00 € | 1,67% |
| Fundación Banco Santander | 5.000,00 € | 0,62% |
| Fundación La Caixa | 14.213,60 € | 1,76% |
| Doazón Caixabank Compostela | 6.000,00 € | 0,74% |
| Cotas Entidades Asociadas | 8.400,00 € | 1,04% |
| Outras Cotas Xestión Entidades Asociadas | 6.383,99 € | 0,79% |
| Outras Doazóns | 225,59 € | 0,03% |
| **TOTAL fondos concedidos 2020** | **809.382,83 €** | **100,00 %** |
| **TOTAL ingresos 2020** | **799.631,90 €** | |

**Concedida pero non ingresada*




GASTOS




INGRESOS

# BALANCE DE SITUACIÓN

| ACTIVO | Nota | 2020 | 2019 |
|---|---|---|---|
| A) ACTIVO NO CORRIENTE | | **12.992,26** | **5.847,97** |
| **I. Inmovilizado intangible** | **5.1** | **3.899,06** | **5.319,05** |
| 5. Aplicaciones informáticas | | 3.899,06 | 5.319,05 |
| **III. Inmovilizado material** | **5.2** | **9.093,20** | **528,92** |
| 2. Instalaciones técnicas y otro inmovilizado material | | 9.093,20 | 528,92 |
| **B) ACTIVO CORRIENTE** | | **213.919,80** | **140.364,13** |
| **III. Usuarios y otros deudores de la actividad propia** | **7** | **4.990,00** | **7.300,00** |
| **IV. Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar** | **9.1** | **32.758,33** | **109.360,86** |
| 3. Deudores varios | | 1.346,20 | 8,1 |
| 6. Otros créditos con las administraciones públicas | | 31.412,13 | 109.352,76 |
| **VI. Inversiones financieras a corto plazo** | **9.3** | **600,00** | **600,00** |
| 5. Otros activos financieros | | 600,00 | 600,00 |
| **VIII. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes** | **9.2** | **175.571,47** | **23.103,27** |
| 1. Tesorería | | 175.571,47 | 23.103,27 |
| **TOTAL ACTIVO (A + B)** | | **226.912,06** | **146.212,10** |

| PASIVO | Nota | 2020 | 2019 |
|---|---|---|---|
| **A) PATRIMONIO NETO** | | **56.643,77** | **46.375,07** |
| **A-1) Fondos propios** | **11** | **44.747,12** | **40.645,43** |
| **II. Reservas** | | **-4.304,73** | **-2.156,13** |
| 2. Otras reservas | | -4.304,73 | -2.156,13 |
| **III. Excedentes de ejercicios anteriores** | **11** | **42.801,56** | **40.341,57** |
| 1. Remanente | | 49.344,18 | 46.884,19 |
| 2. (Excedentes negativos de ejercicios anteriores) | | -6.542,62 | -6.542,62 |
| **IV. Excedente del ejercicio** | **3** | **6.250,29** | **2.459,99** |
| **A-3) Subvenciones, donaciones y legados recibidos** | | **11.896,65** | **5.729,64** |
| **I. Subvenciones** | **14** | **4.210,08** | **410,59** |
| **II. Donaciones y legados** | **14** | **7.686,57** | **5.319,05** |
| **B) PASIVO NO CORRIENTE** | | | |
| **C) PASIVO CORRIENTE** | | **170.268,29** | **99.837,03** |
| **III. Deudas a corto plazo** | **10.1** | **65.841,51** | **26.063,32** |
| 2, Deudas con entidades de crédito | | | 285,03 |
| 5. Otros pasivos financieros | | 65.841,51 | 25.778,29 |
| **V. Beneficiarios - acreedores** | **8** | **86.938,19** | **68.091,36** |
| **VI. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar** | **10.2** | **17.348,59** | **5.562,35** |
| 3. Acreedores varios | **10.3** | 58,94 | 146,54 |
| 6. Otras deudas con las administraciones públicas | **10.4** | 17.289,65 | 5.415,81 |
| **VII. Periodificaciones a corto plazo** | **10.5** | **140,00** | **120,00** |
| **TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)** | | **226.912,06** | **146.212,10** |

# CONTA DE RESULTADOS

| | Nota | 2020 | 2019 |
|---|---|---|---|
| **A) Operaciones Continuadas** | | | |
| **1. Ingresos de la actividad propia** | **13.1** | **795.711,72** | **638.437,79** |
| a) Cuotas de asociados y afiliados | | 8.400,00 | 7.200,00 |
| b) Aportaciones de usuarios | | 6.383,99 | 1.310,46 |
| d) Subvenciones imputadas al excedente del ejercicio | | 780.927,73 | 629.927,33 |
| **3. Gastos por ayudas y otros** | **13.2** | **-329.857,26** | **-336.974,38** |
| a) Ayudas monetarias | | -315.869,88 | -333.131,51 |
| b)Ayudas no monetarias | | -13.228,45 | 0,00 |
| c) Gastos por colaboraciones y del órgano de gobierno | | -758,93 | -3.842,87 |
| **7. Otros ingresos de la actividad** | **13.1** | **225,57** | **0,00** |
| **8. Gastos de personal** | **13.2** | **-106.695,43** | **-127.391,87** |
| a) Sueldos, salarios y asimilados | | -85.447,61 | -59.855,11 |
| b) Cargas sociales | | -21.247,82 | -16.340,19 |
| **9. Otros gastos de la actividad** | **13.2** | **-352.987,04** | **-170.794,87** |
| a) Servicios exteriores | | -352.979,11 | -170.782,00 |
| b) Tributos | | -7,93 | -12,87 |
| **10. Amortización del inmovilizado** | **13.2** | **-3.841,62** | **-3.139,96** |
| **11. Subv,donac,legados capital trasp al exced ej** | | **3.694,70** | **2.376,97** |
| **A.1) EXCEDENTE DE LA ACTIVIDAD (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)** | | **6.250,64** | **2.513,68** |
| **15. Gastos financieros** | **13.2** | **-0,35** | **-53,69** |
| b) Por deudas con terceros | | -0,35 | -53,69 |
| **A.2) EXCEDENTE DE LAS OPERACIONES FINANCIERAS (14+15+16+17+18)** | | -0,35 | -53,69 |
| **A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)** | | 6.250,29 | 2.459,99 |
| **A.4) EXCEDENTE DEL EJERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIONES CONTINUADAS (A.3+19)** | **3** | **6.250,29** | **2.459,99** |
| **B) Operaciones Interrumpidas** | | | |
| **A.5) Variación de patrimonio neto reconocida en el excedente del ejercicio (A.4+20)** | | **6.250,29** | **2.459,99** |
| **C) Ingresos y Gastos imputados directamente al patrimonio neto** | | 790,571,85 | 634.681,27 |
| **D) Reclasificaciones al Excedente del ejercicio** | | -784,404,84 | -632304,3 |
| **E) Variaciones de Patrimonio Neto por ingresos y gastos imputados directamente al patrimonio neto (C.1+D.1)** | | 6.167,01 | - 2.376,97 |
| **F) Ajustes por cambios de criterio** | | | |
| **G) Ajustes por errores** | | -2.148,60 | -69,98 |
| **H) Variaciones en la Dotación Fundacional o fondo social** | | | |
| **I) Otras variaciones** | | | |
| **J) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DEL PATRIMONIO NETO EN EL EJERCICIO (A.5+E+F+G+H+I)** | | **10.268,70** | **13,04** |

FEGADACE

FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL